

BASES DA XV EDICIÓN DO CERTAME DE NARRACIÓN CURTA "ÁNHEL FOLE" - 2012

A Concellería de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo convoca a XV Edición do Certame de Narración Curta "ÁNHEL FOLE" en lingua galega, que se rexerá polas seguintes

BASES

- 1ª.-** Poderán concorrer todos os autores e autoras que o desexen.
- 2ª.-** Cada autor ou autora poderá presentar un máximo de dúas obras orixinais e inéditas escritas en galego. Enténdese por obra inédita a que non foi difundida publicamente en ningún soporte, nin publicada de ningún xeito a través da internet.
- 3ª.-** O tema dos traballos será libre. A extensión dos textos non superará os 36.000 caracteres con espazos incluídos.
- 4ª.-** Os traballos poderán presentarse mecanografados a dobre espazo por unha soa cara e en triplicado exemplar, ou ben en soporte dixital (CD / DVD ou lapis de memoria) en copia única. En calquera dos casos, presentaranse no departamento de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo (Praza Maior, 1), baixo un lema ou pseudónimo que figurará no soporte elixido, no cal non haberá ningún dato que identifique o seu autor/a. En sobre pechado, sinalado no exterior co mesmo lema ou pseudónimo, incluíranse os datos do autor: nome e apelidos, enderezo, poboación, código postal, teléfono e correo electrónico no seu caso, fotocopia do DNI ou pasaporte e título da obra presentada.
- 5ª.-** O prazo de presentación pecharase o día 31 de decembro do 2012. Nos envíos postais admitíranse os que sexan expedidos ata a devandita data límite.
- 6ª.-** O xurado estará formado por persoas competentes na materia, designadas pola Concellería de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo.
- 7ª.-** O premio ou premios poderán declararse desertos sempre que sexa por decisión unánime do xurado.
- 8ª.-** Se no período de tempo transcorrido entre a presentación dun relato e o ditame do xurado ese relato obtén algún premio noutro concurso, o autor débello comunicar a este Concello, retirándoo do Certame Ánxel Fole. En calquera caso, entenderase que a obtención dun premio anterior por un determinado relato implica a renuncia automática ao premio Ánxel Fole que lle puidera ser atribuído por descoñecemento desa circunstancia.
- 9ª.-** O Concello de Lugo poderá publicar os relatos premiados, considerándose os dereitos de autor incluídos no premio. Os autores poderán tamén, con posterioridade á primeira edición do Concello, publicar libremente os seus relatos, facendo mención do premio recibido.
- 10ª.-** A participación no certame supón a aceptación total destas bases.
- 11ª.-** Unha vez ditaminado o premio, os orixinais non premiados serán destruídos xunto coas súas correspondentes plicas.
- 12ª.-** Os premios establecidos son:
Primeiro premio: 1.500,00 €
Segundo premio: 1.000,00 €
Terceiro premio: 500,00 €